



MEMORIA ORIENTATIVA DAS TARIFAS E PREZOS A PAGAR POLOS ARMADORES QUE DISPOÑAN DUNHA AUTORIZACIÓN DE ATRAQUE NAS INSTALACIÓNS NÁUTICO DEPORTIVAS DO PORTO DE ARES.

Tarifa X-5: embarcacións deportivas e de lecer:

- A base para a liquidación será a superficie en metros cadrados redondeada ó enteiro superior, resultante do produto da manga pola eslora máxima, e o tempo de estadía da embarcación no porto. Sobre a devandita base aplicarase a tarifa por metro cadrado e día de estadía.
- A contía dos conceptos dos que se compón a tarifa X-5 para o ano 2005, por metro cadrado arredondado por exceso e por día natural ou fracción, será a seguinte:
 - A) Pola utilización das augas do porto e mais das instalacións portuarias:
 - Zona I: 0,037518 €
 - B) Polos servizos utilizados de atracada, ancoraxe ou estadía en seco de embarcacións:
 - 1.- Para as embarcacións atracadas en punta: 0,041269 €
 - 2.- Para as embarcacións atracadas de costado: 0,103173
 - C) Pola dispoñibilidade doutros servizos específicos:
 - 1.- Por cada finger ou brazo de amarre en posto de atracada: 0,017508 €
 - 2.- Toma de auga: 0,006253 €
 - 3.- Toma de enerxía eléctrica: 0,006253 €
- As embarcacións con base no porto que domicilien o pago da tarifa, o cal efectuarase por semestres adiantados, terán unha **bonificación do 20%** no importe de dita tarifa.
- As embarcacións con base no porto aplicaráselles unha **redución do 25%** da tarifa no período considerado como temporada baixa (entre 1 de novembro e 30 de abril).



(*) O importe destas tarifas será actualizado anualmente na mesma proporción que a variación interanual experimentada polo índice xeral dos prezos ó consumo para o conxunto nacional total (IPC) no mes de outubro. A devandita actualización será efectiva a partir do día 1 de xaneiro seguinte.

Tarifas de mantemento:

As tarifas de mantemento aprobadas ó Club Náutico Ría de Ares, que inclúen os servizos de mantemento e conservación, marinería, vixilancia, electricidade, auga e duchas, para o ano 2003 foron as seguintes:

Non socios: Prazas A e B: 18 euros/m²/ano

Socios: Prazas A e B: 16 euros/m²/ano

Prazas C e D: 14 euros/m²/ano

<u>PRAZA</u>	<u>NON SOCIOS</u>	<u>SOCIOS</u>
A (12 X 4,5)	972 €/ano	864 €/ano
B (10 X 3,5)	630 €/ano	560 €/ano
C (8 X 3)	432 €/ano	336 €/ano
D (6 X 3)	324 €/ano	252 €/ano

(*) Estas tarifas poderán ser actualizadas anualmente, previa autorización a Portos de Galicia, na mesma proporción que a variación interanual experimentada polo índice xeral dos prezos ó consumo para o conxunto nacional total (IPC) no mes de outubro. A devandita actualización será efectiva a partir do día 1 de xaneiro seguinte.